

MASTER INTERUNIVERSITARIO  
(Universidade de Vigo-Universidade da Coruña)  
EN CIBERSEGURIDADE



## NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS

### ANTECEDENTES

Mediante o Real Decreto 1707/2011 do 18 de novembro régulanse as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios. E as Universidades de Vigo (Escola de Enxeñería de Telecomunicación) e da Coruña (Facultade de Informática) no Máster Inter-Universitario en Ciberseguridade (MUniCS), ao amparo de dito Real Decreto, aproban os seus propios regulamentos. Estes documentos constitúen os textos básicos que recollen a meirande parte das regras que nos incumben; non en tanto, non están completos, polo que se dispón esta normativa específica para desenvolverlos en MUniCS:

A presente normativa define:

- a) O procedemento de oferta e difusión das prácticas externas entre o alumnado a que sexan destinadas, axustado ao recollido no punto 4 do artigo 17 do Real decreto 1707/2011.
- b) O procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora en que se realizarán as prácticas.
- c) O procedemento de adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.
- d) As responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica a que se refire o artigo 6 do RD 1707/2011.
- e) O proceso para realizar e entregar os informes e memoria final a que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 1707/2011.
- f) O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas.

Na mesma liña, e para as prácticas extra-curriculares, as funcións que as Universidades de Vigo e da Coruña delegan nos centros (Escola de Enxeñería de Telecomunicación e Facultade de Informática, respectivamente) acometeranse seguindo os mesmos procedementos ou procesos definidos nesta normativa para as prácticas curriculares.

Con estes precedentes, o presente documento pretende artellar os procedementos e procesos referidos na listaxe anterior para o MUniCS. E como tal, debe considerarse só como un complemento adicional ás normativas básicas que recollen maioritariamente o marco legal para o establecemento de convenios entre empresas e universidade, as definicións das distintas entidades intervintes nas actividades, a xustificación da finalidade social das prácticas, a definición e/ou artellamento de moitos dos procesos e procedementos de xestión involucrados, os dereitos e obrigas de titores e estudantes, as obrigas de empresas e universidade, etc.

### NORMATIVA

#### *ARTIGO 1. Dos Tipos de Prácticas en Empresas*



1. As prácticas en empresa suxeitas a esta normativa realizaranse baixo ó abeiro de Programas de Cooperación Educativa; poderán ser curriculares ou extra-curriculares e tamén ser o marco baixo o cal se desenvolva o traballo de fin de Máster (TFM).
2. As prácticas suxeitas a Programas de Cooperación Educativa teñen como finalidade preparar profesionalmente ao alumnado universitario nas áreas operativas das empresas para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas e facilitar a súa incorporación futura ao traballo na sociedade.
3. Para as prácticas curriculares e extra-curriculares, a validación en MUniCS farase nun único bloque de 15 ECTS (375 horas na empresa).
4. O TFM poderá elaborarse en institucións ou empresas externas ás universidades responsables do título, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso o titor de empresa actuará como persoa co-titora. A persoa titora académica compartirá coa persoa co-titora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da titoría académica facilitar a xestión. A normativa para a realización do TFM en MUniCS recolle todo o procedemento aplicable.
5. Cando concorran prácticas en empresa e a realización do TFM, o recoñecemento en créditos asociado ás prácticas calcularase tras restar ao número total de horas investido na empresa o número de horas que resulten efectivas para o TFM. Por termo xeral, este último número considerarase equivalente a 15 ECTS (375 horas).

## ***ARTIGO 2 Da matrícula nas Prácticas en Empresa***

1. A matrícula da materia Prácticas en Empresa realizarase no período oficial de matriculación dos estudos de Máster.
2. A matrícula da materia Prácticas en Empresa dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico. En calquera caso, a validez da matrícula de Prácticas en Empresa remata o último día hábil do ano académico. O/A alumno/a que non teña avaliada a súa memoria nesa data deberá volver a matricularse no seguinte curso académico.
3. Sempre que estea matriculado da materia “Prácticas en empresa”, o alumno poderá solicitar a convalidación de prácticas extra-curriculares xa rematadas ou experiencia laboral de mínimo un ano no ámbito do Mestrado, como prácticas curriculares. como a actividade asociada ás prácticas curriculares que ten pendentes. Para aprobar o devandito cambio, a Comisión Académica do Máster Interuniversitario en Ciberseguridade (CAMCI) estudará o expediente do/a estudante, o traballo desenvolvido, e a idoneidade do mesmo con respecto á traxectoria curricular do/a candidato/a.

## ***ARTIGO 3. Da titorización das Prácticas en Empresas***

1. Poderá actuar como titor/a académico/a calquera docente das Universidades de Vigo e da Coruña, co visto bo da CAMI.
2. O/A titor/a académico deberá consensuar e concretar co/a titor/a da empresa o proxecto formativo da práctica a desenvolver polo estudante, así como calquera cambio que se



produza no plan orixinal.

3. A coordinación de prácticas en empresa da titulación será responsable da substitución do/a titor/a académico/a, temporal ou permanente, cando se dean casos de baixa prolongada ou se producise a finalización da súa vinculación coa Universidade.
4. A titorización das prácticas en empresas ou institucións forma parte das obrigas docentes do profesorado. Como tal, a Universidade de Vigo (ou a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación) e a Universidade da Coruña (ou a Facultade de Informática) poderán establecer algún mecanismo.
5. Se o titor académico do alumno pertence á Universidade sede diferente da que está matriculado, deberá nomearse un co-titor académico na Universidade do estudante.

#### ***ARTIGO 4. Do calendario das Prácticas en Empresa***

1. A CAMI aprobará antes do inicio do segundo cuadrimestre de cada ano académico o calendario de oferta, asignación e realización das prácticas en empresa do curso seguinte.

#### ***ARTIGO 5. Das obrigas dos alumnos durante as Prácticas en Empresa***

1. O alumnado estará obrigado coa Universidade e centro que as xestiona a:
  - a) Comunicar calquera cambio ou circunstancia que afectase a súa condición de estudante, informando ó centro (prácticas curriculares) ou á Universidade ou entidade en quen esta delegue (prácticas extra-curriculares) que será causa de baixa inmediata. Se un/ha estudante remata a carreira cando realiza as prácticas, ten que comunicarllo ao organismo correspondente (Centro ou Universidade) que determinará se debe renunciar a elas.
  - b) Comunicar calquera eventualidade que se produza no transcorrer das prácticas (renuncia, inadecuación da práctica, etc.) ou calquera cambio das condicións da mesma (horario, dotación da bolsa, ampliación ou redución da práctica, etc.)
  - c) No caso de que o alumnado teña vinculación ou relación laboral coa empresa durante a duración das prácticas, aplicarase o procedemento descrito no apartado "Das prácticas con relación contractual ou vinculación coa empresa".

#### ***ARTIGO 6. Da xestión das Prácticas en Empresa***

1. Os centros promoverán a sinatura de convenios de colaboración educativa con empresas ou institucións.
2. O profesorado docente, así como o alumnado, poderá propoñer empresas ou institucións nas que levar a cabo prácticas. De non teren convenio establecido, o/a coordinador/a de prácticas en empresas dos centros encargarase de xestionalo.
3. A coordinación do módulo de prácticas en empresa dos centros contactará coas empresas e institucións axeitadas para determinar as condicións das prácticas: número de alumnos, funcións, titores de empresa, riscos laborais, posibilidade de remuneración, etc.
4. A coordinación do módulo de prácticas en empresa dos centros solicitará titores



académicos para as prácticas entre o profesorado dos centros.

5. Os coordinadores do módulo nos centros elaborarán, segundo o previsto no calendario, unha listaxe de oferta de prácticas en empresa. Esta listaxe debe recoller as empresas ou institucións que ofertan prácticas, o titor académico correspondente a cada proposta, a descrición das tarefas e a duración das mesmas, así como a posibilidade de recibir ou non remuneración polo seu traballo. Estas listaxes serán enviadas á CAMI.
6. A CAMI aprobará, na data que estableza o calendario, as listaxes coas ofertas de prácticas en empresas, que se farán públicas entre o alumnado matriculado no Máster. O período de oferta non será inferior a 15 días hábiles.
7. Cando varios estudantes compitan por unha mesma praza/práctica o/a titor/a académico/a ou no seu caso a CAMI fará públicos os criterios razoados de priorización utilizados, que poderán incluír entre outros a decisión da propia empresa involucrada, a participación do alumnado na procura do acordo ou proposta de colaboración asociada e o expediente dos candidatos (sexo este global ou circunscrito ás materias da titulación directamente relacionadas co traballo a desenvolver). En todo caso, sempre terá prioridade o alumnado que pretendan facer prácticas curriculares sobre os que fan prácticas extra-curriculares.
8. A CAMI asignará, de acordo co calendario vixente, as actividades propostas aos estudantes correspondentes. Aqueles estudantes sen proposta previa serán asociados pola CAMI ás prácticas ofertadas non asignadas previa consulta dos coordinadores dos módulos de prácticas en empresa nos centros.
9. As listaxes das adxudicacións definitivas exporase na web e poderase impugnar no prazo de sete días naturais diante da CAMI. Unha vez analizadas as reclamacións, a CAMI aprobará a listaxe definitiva de asignacións de prácticas en empresas.

### ***ARTIGO 7. Da formalización das Prácticas en Empresa***

1. Os estudantes seleccionados deberán contactar cos coordinadores do módulo prácticas en empresas para asinar o seu compromiso de estudante en prácticas. Este compromiso recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos (Anexo1):
  - a) Empresa ou institución de acollida, incluíndo a dirección do centro da actividade.
  - b) Datas de comezo e final das prácticas.
  - c) Xornada de actividade.
  - d) Nome do titor de empresa.
  - e) Descrición das tarefas.
  - f) Remuneración, no caso de habela.
  - g) Compromiso de confidencialidade, de ser necesario.
  - h) Documento xustificativo do carácter exclusivo e diferenciado das actividades a realizar, no caso de existir relación contractual ou vinculación coa empresa.
2. As prácticas en empresa comezarán, de xeito regular, no seguinte ano académico. Deste modo, o alumnado seleccionado poderá matricularse da materia Prácticas en Empresa no período de matrícula regular.
3. O alumnado poderá comezar, ou realizar prácticas dende que estea matriculado no primeiro curso de Máster, como prácticas extra-curriculares. Neste caso, a matrícula das prácticas curriculares efectuaríase a posterioridade, no período regular. O recoñecemento



das prácticas extra-curriculares coma curriculares correspóndelle a CAMI.

4. Un/unha estudante poderá solicitar cambio na titorización das súas prácticas en empresa, mediante escrito xustificado dirixido ós coordinadores de módulo nos centros. A CAMI estudará estas solicitudes e, se procede, aceptará os cambios propostos.

### ***ARTIGO 8. Das prácticas con relación contractual ou vinculación coa empresa***

1. No caso de relación laboral ou vinculación previa do estudante coa empresa na que realizará as prácticas, deberase presentar una declaración do carácter exclusivo da dedicación de horas ás prácticas fóra da xornada laboral que dá lugar á vinculación ou relación, así como o carácter diferenciado do contido das actividades desenvolvidas nas prácticas fronte ás propias do posto de traballo que dá lugar á vinculación ou relación (Anexo II). Esta declaración estará asinada polo estudante, o/a titor/a na empresa e o/a titor/a académico/a no centro, e será aprobada pola CAMI.

### ***ARTIGO 9. Da avaliación e cualificación das Prácticas en Empresa***

1. Ao remate da actividade, o/a alumno/a deberá entregar unha memoria das actividades realizadas durante as prácticas, detallando as unidades ou departamentos da empresa na que se realizaron, a formación recibida, a integración dentro da empresa e conxunto de tarefas desenvolvidas. A memoria poderá redactarse en calquera dos idiomas oficiais da Universidade, ou en inglés por seren idioma universal no ámbito.
2. O/A titor/a da empresa entregará un informe valorando aspectos relacionados coas prácticas realizadas polo alumno: puntualidade, asistencia, responsabilidade, capacidade de traballo en equipo e integración na empresa, calidade do traballo realizado, etc.
3. O/A titor/a académico entregará ao/á Coordinador/a de Prácticas en Empresas un informe cunha proposta de cualificación razoada, na que valore a memoria entregada polo/a alumno/a, o informe do/a titor/a de empresa e maila adecuación á titulación das tarefas desenvolvidas.
4. O/A Coordinador/a de Prácticas en Empresa, en función dos informes recibidos, outorgará a cualificación final da materia correspondente. Neste proceso poderá contar coa axuda dos titores académicos, e en calquera caso informará a o/os titores académicos da cualificación final.
5. O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación final numérica de 0 a 10 segundo a lexislación vixente (Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro; BOE 18 de setembro).

### ***ARTIGO 10. Da modificación e/ou interpretación desta normativa***

1. A CAMI é o órgano no que reside a facultade de modificar os termos desta normativa e de interpretar aqueles aspectos que, no seu desenvolvemento práctico, xeren dúbidas.

### ***ARTIGO 11. Da aprobación da normativa***

Esta normativa entrará en vigor desde o día seguinte á aprobación polos órganos seguintes:

- *Aprobación na Comisión Académica de MUnICS Universidade de Vigo, DATA*
- *Aprobación na Comisión Académica de MUnICS na Universidade da Coruña, DATA*
- *Aprobación na Comisión Inter-Universitaria de MUnICS, DATA*



ANEXO I. PLAN FORMATIVO DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES MÁSTER  
INTERUNIVERSITARIO EN CIBERSEGURIDAD

**DATOS DA ENTIDADE**

D./Dona. \_\_\_\_\_, con DNI: \_\_\_\_\_ nomeado pola Entidade  
\_\_\_\_\_, con CIF: \_\_\_\_\_, para exercer as funcións de **titor profesional** dos estudante \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_, declara que o plan de traballo a realizar polo estudante será o seguinte.

**Datos de contacto del titor profesional:**

teléfono \_\_\_\_\_, correo electrónico: \_\_\_\_\_

**DATOS DO ESTUDANTE**

O estudante \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, matriculado Mestrado Inter-Universitario en Ciberseguridade (MUniCS), da a súa conformidade para participar no programa de prácticas externas *curriculares* da Facultade de Informática da Universidade de A Coruña/Escuela de Enxeñería de Telecomunicación da Universidade de Vigo no marco do convenio de cooperación educativa coa Entidade, e declara coñecer e aceptar as normas establecidas en el mencionado convenio e no Plan Formativo.

**Datos de contacto del estudiante:**

Teléfono \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

**DATOS DAS PRÁCTICAS**

**Indique se o estudante ten relación contractual coa empresa <sup>(1)</sup> \_\_\_\_\_**

<sup>(1)</sup>No caso de que exista unha relación contractual coa Entidade, a actividade do Estudante na Entidade servirá para superar a materia "Prácticas en Empresa" sempre e cando se cumpra o establecido no Anexo I. Ademais, débense cumprir os restantes procedementos establecidos: plan formativo, realización de informes e memoria final.

**Número total de horas:** 250 h

**Descrición de las actividades a realizar por el Estudiante:**

**Lugar onde realizaranse as actividades:** \_\_\_\_\_

**Período durante o que se realizarán as actividades (fecha de inicio/fin):** \_\_\_\_\_

**Horario:** \_\_\_\_\_



**Formación que adquirirá el Estudiante:**

**Forma prevista para el seguimiento y orientación ao estudante durante la realización del traballo:**

**(No seu caso) Bolsa ou axuda de estudos que a Entidade outorgara ao estudante e forma na que será satisfeita**

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 201\_\_

Fdo. Titor profesional

O/a estudante,

Sinatura. \_\_\_\_\_

Sinatura. \_\_\_\_\_

#### **DATOS DO TITOR ACADÉMICO**

D./Dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, designado pola Facultade de Informática da Universidade de A Coruña/Escola de Enxeñería de Telecomunicación da Universidade de Vigo para exercer funcións de **titor académico** do Estudante \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, declara coñecer o Plan Formativo e comprometese a realizar o seguimento e avaliación da Práctica Externa.

#### **Datos de contacto:**

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_ do \_\_-

Sinatura. Titor académico



ANEXO II. DECLARACIÓN DE EXCLUSIVIDADE DA ACTIVIDADE DE PRÁCTICAS

MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN CIBERSEGURIDADE

Nome do/a titor/a académico: \_\_\_\_\_

Nome do titor/a de prácticas na empresa: \_\_\_\_\_

O/A alumno/a D./Dona \_\_\_\_\_ declara que mantén na actualidade una relación laboral coa empresa \_\_\_\_\_ e, no que atinxe á realización das prácticas académicas, subscribe o compromiso de realizar estas prácticas fóra do horario laboral do seu posto de traballo e en actividades que non estean relacionadas directamente con el nos seus fins, obxectivos, medios ou persoas colaboradoras. O incumprimento destas obrigas dará lugar, se o estima a Comisión Inter-Universitaria de MUniCS, á rescisión do acordo de realización das prácticas entre o estudante e a empresa.

Data:

Sinaturas

O/a estudante

Os titores académicos

Os titores na empresa